

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 11

PRIMAVERA

2001



Regueifa en Muxía no 1966. Foto Caamaño

COLABORACIÓNS

Maxi Rei, Ana Orozco, Paulo Martínez Lema, Diana Aradas, Iolanda González, Samuel Solleiro, Xabier López, Luis Filipe Maçarico, Ruy Ventura, Fernando Botto Semedo, Xosé M^a Veiga, Juan Sobrino Ceballos, Xesús Torres Regueiro, Pilar Vázquez Rodríguez, Antón Fafián, Xosé Luis Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Eladio Rodríguez González, Ramón Otero Pedrayo e Avilés de Taramancos.

DESEÑOS

Víctor Tizón, Calros Silvar, Olaia Torres, Luis Otero, Miguel Cuba, Bieito, Crestar e Juan Luis.

FOTOGRAFÍAS

Veiga, José Ángel Pena, Ramón Caamaño, Arquivo Ruote e Arquivo Eira Vella.

COORDENA
Suso Torres

MAQUETA
Equipo Xerri

IMPRIME
Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

D.L.
C - 1696 /96

▣ Para o noso compañeiro, presidente de Eira Vella, Xabier López, que ven de gañar o premio de narrativa fantástica que convoca a Fundación Vicente Risco, dotado cun millón de pesetas. Noraboa.

▣ A todos os anunciantes (loais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de *A Xanela* pola súa fidelidade e colaboración. Polas institucións xa podíamos agardar, xa!

¡Máis Alá!

Continuamos tendo á venda a edición especial facsimile do polémico manifesto *¡Máis Alá!* asinado no 1922 por Cebreiro e Manoel Antonio, publicado para conmemorar o centenario do poeta rianxeiro. Nas mellores librerías do país ou pedíndoo ao noso enderezo acompañando 500 pesetas en xiro postal ou en selos de correo.

Fe de erros:

Só agora —máis vale tarde ca nunca— nos decatamos do erro cometido no número 9 de *A Xanela* da pasada primavera ao confundir o nome dun colaborador: Quede constancia, pois, que o texto "África mãe, vingança negra" é da autoría de Ramiro Vidal Alvarinho e non Ramón como se lle apuña.

Viaxes:

A Xanela colleulle gusto a viaxar e agora marchou ata o Brasil, ao tempo que cada vez é máis requerida dende as terras portuguesas.

O HUMOR

de Víctor Tizón



Calros Silvar

— E NON VAMOS TOLEAR !! ... TENDONOS COMA NOS TENDEN NAS
CORTES ENCERRADINAS, ORELLA CON ORELLA ... PAPANDO COMIDA-LIXO
E MUNXINDONOS COMA ESPONXAS !!



— MÚÚ ... QUERO IR LINDAR !!
— MÚÚ ... QUERO HERBINA FRESCA !!
— MÚÚ ... TRÉTANOS COMA A HUMANOS !!

Os dous neníños


Maxi Rei

Sei que custa caro creervos porque estas historias que agora me presentades teñen máis pinta de ser sacadas dalgunha película de terror ou intriga que da realidade cotiá e distante, aínda pendurada na memoria e que ó tomar o corpo da voz se fai dura e cruel, cada vez que se pronuncia e así resucita dun letargo incalculable; é máis propia dun conto de Kafka ou dalgún deses best-seller de medo que nunca lín porque o que me produce ese tipo de lecturas éme simplemente insoportable.

Non lembro tela escoitado nunca ós meus avós porque se cadra os contos e lendas que eles contaban aniñados no calor da lareira, pertencen a un tempo mítico que ten o seu propio lugar e a súa permanencia; escóitovola a vós, meus compañeiros de traballo, mentres na media hora do bocadillo, que tamén é do café, comentades a morte accidental de non sei quen, pero que algún de vós, ou varios, coñecestes choiando, morreu nun deses accidentes dos que ninguén ten culpa, son as azarasas circunstancias, o anonimato de Deus, estaba para el, nunca se sabe... E todas esas patrañadas que tanto aborrezco; si, e ti non te acordas de... sempre é o mesmo, vaise tirando dun fío e vas tecendo unha pequena escolma de catástrofes que retemos na memoria como antecedentes deste tipo de cousas, aí fican gardados, nunca esquecidos porque esas traxedias con morte posúen ese extraño magnetismo para, unha vez que sabemos delas, pegarse ó pelexo da lembranza e vivir connosco hibernando a maior parte do tempo ou que despertamos cando o tema do que se fala é semellante, como agora que falades dun morto presente, sepultado nunha zanxa por un desprendemento de terra, esto é perfectamente datable: hoxe, onte, a tal hora, foi así e así, e por iso sabemos que nunca pertencerá ó mundo dos mitos ou dos soños ou das mentiras, sen ningunha carga pedagóxica ou didáctica, tal como foi, ficará así e todo o que se lle engade ou quite será atentar contra a verdade dos feitos porque as cousas só pasan dunha maneira aínda que se conten ou se escriban de moitas, sin falar da longo lista de consecuencias que delas se derivan.

Eu non buscarei en ningunha hemeroteca ese verán onde se sitúan os feitos dos que agora falades porque seguramente non atope a xusta traxedia que procuro, da que vós me dades noticia


e eu, cecais, trate de investigar para coñecer a verdadeira natureza dos feitos, que queda deles unha vez pasados, unha vez que case se perden na memoria e non se dan ubicado no pasado recente; non, estou seguro de que non os atoparei porque a prensa diaria antes non era o que é agora e que ese camiño me levará a unha panorámica moi deturpada, demasiado parcial e sei que neses tempos pasaron moitísimas cousas importantes que non quedaron na prensa, existen porque perviven a través da memoria de xeracións como un xen ou virus que se herda nestas conversas e que sae á luz moito tempo despois, como unha melodía ou pesadelo da infancia que sempre ocupará os sedimentos máis antigos da memoria; así seguramente pasou coa historia dos dous neníños que xogaban a agacharse entre a



herba seca mentres se alpacaba, e tan ben lograron camuflarse que foron trizados pola máquina, nese tempo, nese lugar que non son quen de localizar, cando o agro galego empezou a mecanizarse causando, como tódalas novas, asombro e escepticismo para dar lugar a unha crecente confianza que iría medrando co tempo ata convertírense en ferramentas imprescindibles dunha agricultura modernizada.

Pero eu non podo asignarlle un rostro a aqueles dous neníños, como tampouco son quen de consideralos dúas cifras máis na historia cuantitativa do que tivemos que pagar (e aínda temos) polo progreso, afacernos a el, saber como funciona e como tiñamos que convivir con el, as novas técnicas e os novos perigos, que se mostraban en toda a súa dureza e crueldade en casos como este: o tractor sin capota avanza lentamente recollendo as ringleiras de herba seca e a xente olla abraíada tal marabilla, ninguén pensa nos neníños que se cobren ás présas de herba seca, xogando no que será o derradeiro verán das súas vidas, e pódese imaxinar á xente cargando un carro de alpacas, nese acougo que supón o traballo no verán como necesidade milenaria da xente do campo para poder soportar un inverno que nunca se sabe como virá; máis difícil resulta

chegar a ver os rostros demacrados pola visión, rápida, fulminante, da alpacadora ensanguentada cos corpos dos neníños completamente destrozados, os berros, o motor que se apaga e as nais presentes que buscan inútil consolo nun abrazo, sabendo que lles caeu encima a peor desgracia que lle pode pasar a unha nai e que esa imaxe que aquí eu trato de darlle corpo nestas palabras, que non coñecín, como tampouco coñeceu ó que lla oín contar; esa imaxe quedará para sempre marcada a lume vivo na memoria daquela xente porque seguirán vivíndoa cada vez que a contan a coñecidos ou descoñecidos, en calquer lugar, mentres se fala dunha desgracia presente que remata por traer ó recordo e á palabra outras desgracias doutros tempos, como historias que ninguén pode concebir porque caen fora da imaxinación da xente común. Deste xeito vós trouxéstelo aquí, porque unha desgracia chamou por outra para non sentirse soa no mundo dos vivos, e eu escoito, sen querer, coma sempre, sabendo que tamén en min a traxedia lonxana e descoñecida da que só seu o seu enunciado, quedará para sempre no fardel da memoria, sabendo que xa chegará ocasión para volver á voz e á palabra eses dous neníños trizados por unha alpacadora.



LUISOTERO

García de Montouto

Paulo Martínez Lema

Desde sempre, desde o berce dos tempos que nin sequera lembramos, as árbores agarimaron co seu silencio de sabedoría a tona da Terra Cha, e agasallaron coa súa compañía ós nosos homes, ós nosos paisanos e devanceiros, ós chairegos...

Os carballos lendarios dos que brota a néboa. Os piñeiros, lanzas vexetais que firen o eterno ceo gris da vella Chaira. Os amieiros, compañeiros do Miño, e os castiñeiros, e as sobreiras, e un senfin de nomes sonoros e suaves que acochan por debaixo das súas letras o segredo indescifrabre da vida. Quen sabe se mesmo da nosa mesma existencia humana.

Mais as árbores chairegas non sempre están mudas, e é isto algo que as diferencia do resto das árbores do mundo, pois só se sabe que teñen tal poder as chairegas e creo que tamén as finesas e mailas galesas. Cando lles apetece, cando o cren necesario, vencen a súa timidez conxénita e son quen de falar; e falan co pensamento misterioso que percorre os seus toros rexos, igual que o sangue transita con paso calado ó longo dos nosos corpos. É unha fala húmida, arcaica, nocturna...


Ou iso era o que dicía o bo García de Montouto, veciño el de Silvarrei, a quen Deus teña na gloria.

Nunca se lembrará no lugar personaxe tan singular como o foi este tal García. Era el alto, enxoito tal que unha folla seca, as carnes moi minguadas, a ollada extinta dun condenado a morte, que via aínda acrecentada a súa melancolía cunhas sombras escuras que lle arrodaban as pálpebras. Era quizabes aquela aparencia de poeta desquiciado o que lle concedía un significado tan especial a todo o que facía. Ninguén sabía moi a ciencia certa de que vivía. Algúns dicían que nos seus tempos mozos montara un obradoiro de alfairo, pero que o deixara todo por razóns escuras e descoñecidas, nas que a imaxinación da xente metía desde amoríos desafortunados ata negocios ilegais. Pero non pasaban de meras conxecturas.

Co único co que se sentía a gusto parolando era co Marquiños da Fontela, e tamén de cando en vez co señor crego. Polo demais, víase a cotío vagando pola estrada, calzado coas súas vellas e eternas catiuscas de goma, e cun paraugas inzado de remendos pendurándolle sempre do pescozo da chaqueta, coma se estivese a presentir constantemente a treboada que nunca chegaba. Mais,

en realidade, o paraugas servíalle para algo ben distinto. Porque aquel paraugas era o traductor que empregaba para descifra-la linguaxe das árbores. —As árbores —dicía a miúdo na taberna— son as miñas amigas... Non hai árbores nesta parroquia que non trate comigo...

E todos os que o escoitaban levaban de contado o dedo á tempa e torcían o bico, a non se-lo Marquiños. Este rapazolo, aprendiz de canteiro canda seu pai, cría a ultranza todo o que contaba aquel vello tolo, e aínda máis. Nunha ocasión foran da-los dous unha volta ata a carballeira de Frusime. Como o día era bo, sentaron á sombra dun daqueles lanzais carballos e alí permaneceron en silencio, escoitando pasa-lo aire limpo da tarde, o mestre na compañía do seu discípulo. De súpeto, o García sobresaltouse todo, e un arreguizo estraño convulsionou o seu corpo. Marquiños, asustado, botoulle unha man ó ombro, por se escaso, temendo xa algo grave. Mais o vello sorría, sorría ledó.



MIGUEL CUBA

—Non escoitas? —dixo cos ollos postos alén do horizonte azulado- Non escoitas un marmurio lonxano?

O Marquiños esforzaba moito o ouvido, pero era incapaz de apercibi-lo máis mínimo ruído. Só o renxer da brisa na frondosa follaxe da fraga, algún merlo tal vez. Daquela, endereitouse o García dun áxil chimpo, impropio nel, botou man ó paraugas e abríuno. Ó momento, arrimou ben a orella ó tronco dun carballo, áspero e rugoso, e así permaneceu un longo anaco. E o que escoitaba semellaba agradarlle, pois na súa cara debuxábase a mesma expresión dun rillo co peto cheo de lambetadas.

—E logo que lle dicía? —preguntoulle o Marquiños unha vez findada a conversa.

—Nada... —respostoulle o García ó tempo que pechaba o paraugas, non sen certo esforzo... Preguntoume se sabía por quén era hoxe a misa das oito...

O García tamén se deixaba ver polas marxes do río, as máis das veces sentado na herba fresca co paraugas entre as mans e a cabeza, en actitude pensativa, apoiada no mango. Non acostumaba a levar por aqueles recantos ó seu bo amigo e discípulo, xa que lle insistía moito en que

os temas dos que gostan fala-los amieiros ou os freixos eran demasiado serios coma para que os escoitase un mociño coma el. E o pobre do Marquiños, como non podía ser doutro xeito, engurraba o cello, e, malia que lle daban gañas de protestar, non ousaba facelo, sobre todo polo moito e sincero respecto que sentía cara ó de Montouto.

—Un día, heite de levar onda o castiñeiro vello do señor Enrique... —dicialle para que non se lle anoxase máis... Disque ten xa máis de cen anos... Ese si que ha ter historias abondo para contarche! Amais, a min non me resta moito tempo neste mundo, e axiña terei que che ensinar cómo díaño se manexa este paraugas... A ver se a ti, polo menos, non te toman por tolo!

O pobre do García nunca puido instruír naquela complicada arte ó Marquiños. Non tivo tempo, porque lle quedaba moito menos do que el mesmo puidera imaxinar. Á mañanciña seguinte, o señor crego, cando se dirixía á igrexa a lombos e nas fragas e nos bosques da bisbarra deixouse escoitar un marmurio xordo e pousado, case unha melodía.

Era aquela a oración tristeira de tódalas árbores chairegas.



Esta é unha historia de palabras

Esta é unha historia de palabras. Son só palabras, ás veces tan fráxiles como o sono do vento, outras tan rotundas como o pranto dun neno. E sen embargo, son nosas, porque si, porque un día as pariu a terra como se fosen flores e quedaron suspendidas no aire, minguentes, ata que namoraron uns beizos; e así comezou todo, comezou a nosa hitoria.

Preséntansenos claras, amigas, sublimes e douradas, latexando sal e bolboretas. Rexorden con ansia do soto do tempo, coas ganas das lembranzas perdidas, co balbordo das cantigas louras. Carismáticas, catárticas e vellas; e tamén novas porque aprenden a camiñar cada día.

E son elas as que nos din segredos roubados ás estrelas, as que nos contan muxicas encendidas coas lendas da lareira xorda, as que arrecenden no cálido rodicio da caldeirada chea de invernos. Son elas as que resoan encabuxadas nas ferriñas da pandeireta, as que aturuxan o encaixe invisible que os pés labouran ó compás da gaita, as que redobran coa pena do lobo no coiro engaiolado do tamboril.

Aparécensenos coma un soño, transparentes como un manancial hipnótico, collidas da man dos espíritos que nos botan de menos e que tamén as quixeron.

Elas son nós e nós somos elas. Aprenderon a danzar e a ser meigas para darnos un nome, aprenderon a descifrar as mareas e a encantar trovadores para darnos un nome, aprenderon a espreitar o lusco e fusco para chamarnos Galicia.

E calan nosas, e dormen nosas, e morren nosas; non, non morren, é só que os beizos deixan de amalas, é só que deixamos de ser nós.

Por mil festas máis en galego.

Por mil amenceres máis en galego.

(pregón para unhas festas nunha parroquia de Redondela)

Ana Orozco

Armbanduhr

Xabier López

Luz doente. Branco doente. Mañá doente. Arrecende a delicioso pan malo e a café fervido. Xa o di o retrouso: *Café fervido, café f...* Coma tódalas mañás merco o xornal, e quero preservar, cobizoso, a esperanza aquela de que na letra pequena que ninguén le, perdida entre os edificios de tinta, entre esas construcións segmentadas, tremeluza unha verdade, aínda que sexa só unha. Pode ser unha frase composta, ou unha concisa oración sinxela. Tal vez unha única palabra, coruscante e dura coma unha pebida de ouro agochada entre os seixos grisallos da peneira.

Eu camiño e a mañá tamén camiña na súa teima de luces e brancos doentes. No medio do piche, alleo ós autos e ós claxons coma gumes, dexerigo unha figura humana. Merece, precisa, a miña atención. Achégome. Achégome tanto, que, sen o querer, teño (que), debo, dicir algo.

-Bos días.

O home, porque é un home, devólveme o alleamento de cuspe e lagañas dos idiotas. É, así mo parece, un babeco, un imbécil, un retrasado mental. Leva a bragueta aberta e os cordóns das botas se lle mollan e luxan nas pozas. Os autos pítanlle, protestan, aldráxano, e el só risca un sorriso de tres dentes que se cadra non lles vai dirixido. Agárrolle o brazo e consigo que se achegue canda min á beirarrúa.


-Meu home. ¿Non ve que o poden atropelar?

El sigue a sorrir co seu sorriso de a patacón, co seu sorriso de tres dentes. Apértame un brazo. Enruga o xornal que veño de mercar, e con el a esperanza aquela miña de atopar unha verdade, que axiña se reprega ó seu contacto coma unha flor ó que chega a noite, coma as lanzas fosforescentes do inquilino vivo dos corais. Quere, pretende, amosarme algo. Ó primeiro non dou comprendido. Arremángase. Fai voar un brazo nu de moito pelo e a marca redonda da vacina da variola, no camiño do ombro, fica exposta ó aire e máis ó entendemento de que, a pesar de todo, compartimos esa idade que fai escarnio *doin, doon line*, do moderno, do postmoderno. Pero non. Non entendo. Aínda non. Achega a fazula ó pulso, coma quen achega a súa cara ó calorciño da cara da mamá, da cara dun pícaro, dun tecido mol e perfumado.

¡O reloxo!

Entendo de vez, el sorri, e axiña mo pon de diante dos ollos. Moi bonito. Moi fachendoso. Eu case que diría que impropio para o seu pulso, a vulgar pola pobreza dos seus pantalóns, da súa chombra e mailos seus zapatos cos cordóns mollados. Insiste. Insiste. Eu fíxome na súa coiraza billante, de cor de prata, e mais nas tres agullas; nas cativas circunferencias douradas que hai de riba de cada número, e na porca infima que fai de eixo; na esfera de vidro sorprendida ás veces por esa marcha luminosa, coma un arco da vella, un lampexo motivado pola pegada sempre sucia dos dedos (lémbreme o lampexo azul e verde das talladas de xamón asado, máis gorentoso canto máis frío, das coirazas do peixe da praza, pero isto, decidida e definitivamente, non vén agora ó caso).

Bate na esfera co seu furabolos longo e un chisco deformado. Quítalle ese son que só pode provocar cabalmente a unlla contra o vidro (Penso: a unlla contra o vidro). Volve achegalo ás fazulas.



LUISOTERO

Volve agarimalo. A man dereita corta o aire coma o golpe dun karateka. Zas, zas, zas... É o golpe, o asubío, da gadaña. E de socato, repentinamente, comprendo. Compréndoo todo. E un nódulo de frío, un cativo puño pechado, préndeme a espiña de nantes de me ouriza-lo último cabelo da cabeza. O tempo... O tempo é esa ínfima porción de aire que reclúen os reloxos entre o vidro e a plataforma da esfera, alí onde van marcados os números. O tempo é esa corrente imperceptible que moven as agullas coma aspas dun muíño.

Coa mesma (Luz doente; branco doente; mañá doente), fago unha bóla co xornal, tíroo nun

colector do lixo, e me decato da nudeza do meu pulso, alí onde hai unha fita de carne máis pálida, máis abrancazada. Boto a correr. Na miña cabeza alustra unha imaxe terrible que latexa e latexa, achicándose e medrando coma o corazón dun boi: un reloxo roto, esnaquizado, un terrible furado ramificándose no vidro. Un furado... Chego a casa estrañamente nervioso. Mexéñse as chaves. Busco. Abro portas e caixóns. A mesa da noite... Aí, recoiro. Aí está o meu reloxo. Rise de min, o moi cabrón, marcando as dez e dez. Tic-tac. Só iso: tic-tac.

Tic-tac.



Ferruxe

Era perigoso para nós, ver a choiva esvarar,
caer na fiestra como un vidro esgaduñado,
e daba medo facer sangrar as mans para tocarlle,
crecíasen dentro das pupilas
cada vez máis grande ata ser un ollo, por dentro do cristal.
Ou perigoso ser a mestra, ser o seu traxe vermello,
reflectirse nos papeis, e parecer o demo,
como este inverno enteiro, baixando das facianas,
como toda esta dor, o medo condensado nesa bágoa
de neno interminable que nace dunha choiva inacabada.
E logo o tempo paríndose nos nosos mexos,
os agoiros semellando cansazos, neste vivir
nesta humidade de fastío gris que nos envolve,
cos ouriñais debaixo das camas, agardando.
E temos as mans molladas, chóvensenos pingueiras,
teitos enteiros xuntándose por riba de nós,
os dedos que se desfán, como as cebolas,
as gotas esvarando nos reloxos desde os tellados
e todo sempre igual, os días enteiros vomitándose.

Diana Aradas



ESCINDE O ETERNO e regálame un anaco
Dáme un día pechado en si mesmo,
un instante redondo
De lucidez completa,
un intre de certo, un chisco de cordura
Préstame unha idea constante,
sen vacilacións
nin interrogantes

Porque no reverso do meu sono
prolifera as silvas

E somos espíritos converxentes
ilusas sementes
á procura dunha estreliña sempre acesa

Iolanda González Villar
Ortigueira

Incineradora de vacas

Axúdame a atrapar un adxectivo puro
pra este miragre de ferro e fume
co cheiro sagrado que agroma da morte
estancada na paisaxe; coas pretensións do solpor
que escorra polo vento e os bronquios e os violonchelos.
¿De que cor podemos pinta-las bágoas
desa muller espetada nunhas zocas de xeo,
ou as isobaras reseca que o seu home leva na faciana
mentres evoca o precio dunha vaca a golpe de blasfemia?

Falo da estética irreal, da beleza sorprendida
sen pantalóns nun recanto da fraga, de toda esa lírica de podredume e cal,
falo da arquitectura cotiá e rotunda,
e tamén do precipicio azul celeste
na memoria de formigón dos cangrexos.

¡Arrepentídevos, pedras pantasmais!
¡Mastigade este soño coa herba!
¡Contemplade este forno de ausencias
que abre as súas fauces vermellas para que pase
a morte co seu exército cultural de moscas!
¡Ollade o novo peiteado da intelixencia
rabuñado nunha espelunca de calamares de sábrego!

Esta é a poesía da miña terra.

Samuel Solleiro
Compostela, xaneiro 2001



ILUSTRACIÓNS: OLAIA

Poemas na Galiza

Luis Filipe Maçarico

Galiza

Escuto versos de Rosalia
Nas cores da terra.

Finisterra

Buscando a luz de um verso
A terra apalpa o mar.

Santiago de Compostela

Com a palavra
Celebras a escrita
do tempo
nos claustros
da tarde...

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Com a palavra
Celebras a escrita
do tempo
nos claustros
da tarde...

Farol de Finisterra

As pegadas do sonho
começaram nesta rocha
Na dança das gaivotas.

Ferrol, Forte de S. Filipe

A pedra guarda
o tempo entre
a terra e o mar.

Stilvo masis
27
2
01

Recados

Nas praias da Galiza
Um sonho vou embalar
A seguir ao nevoeiro
Quem eu espero vai chegar

O meu amor virá
Quando o sol puder voltar
Nas rias da Galiza
deixo recados pró mar.

Porto de Ferrol

Imagino marinheiros
e concertinas de luar
línguas de terra e
mulheres de veludo
á luz das estrelas
lambendo o mar.

apenas a respiração

um pouco de humidade ao canto do quarto
uma carta - sem palavras

a voz ficou presa
como
uma estrada
dentro da memória

não registou apenas a respiração
perante a morte

ficaram (também) lágrimas
nenhuma lâmpada se iluminou
na raiz das mais pequenas plantas

no entanto
um corpo (o nosso?)
desapareceu

e, ao mesmo tempo
um nome ficou

na superfície da terra

Ruy Ventura



Sangue em flor

Atravessar a noite com as lágrimas
Da infância - estrelas de soro
Decepidas sem luz: nave da memória
Pelo sangue da dor do silêncio.

Fernando Botto Semedo

ILUSTRACIÓN: OLAIA

Flores

**Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos**

Entre Ois e Feás atopámonos con este curioso lugar, que serve de división administrativa entre os concellos de Coirós e Aranga. De antigo servía tamén como límite da xurisdicción da provincia de Betanzos. Foi, polo tanto, dende sempre un enclave coñecido que serviu como demarcación dos diferentes territorios.

Tanto Flores como a zona próxima, ten indicios de poboamento antigo, algo que chedou xa patente en varios traballos de investigación, como os referentes ós gravados rupestres de Santa María de Ois (Petroglifo da Fonte de Oso e cazoletas de Revoltas Longas), publicados polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos. Outros indicios son a posible existencia de enterramentos prehistóricos que deducimos do topónimo Labradío das Medoñas, nas proximidades da igrexa de Feás.

O castro a pesar de estar bastante castigado polas construcións alí realizadas e a reutilización das pedras en camiños e estradas, aínda podemos situar o que sería o seu centro ou croa e as tres defensas cos seus respectivos foxos as exteriores moito máis difuminadas). Na parte N. o corte do terreo servíalle como defensa natural. A parte mellor conservada é a S-SO. Na cros do castro levántouse a igrexa no intento de cristianización de lugares de posibles cultos pagáns.

É coñecido este castro polo achádego dun torques de ouro a principios deste século. O torques foi atopado en maio de 1915, era de ouro de 20 quilates na parte central e de 18 no remate. O peso total era de 334 gramos, correspondía ó tipo ártabro e podémolo datar entre o s. III e I A.C. O torques tivo unha historia accidentada: foi atopado casualmente, e vendérono en Betanzos por 14.000 réas, pero de volta para a casa roubáronlle os cartos, posiblemente os mesmos que llo mercaran (Xosé R. González: *A encrucillada na Torre*). Foi publicado por Oviedo Arce como o Torques de Ois (Boletín Real Academia Galega). Naquel momento o seu dono era Don Genaro Ares, Sarxento do *Regimien-to de Isabel la Católica*, destacado na Coruña.

Este poboamento castrexo influíu para que actualmente se conserven abundantes lendas sobre ese lugar:

"Había unha cova que ía ata o pozo da moura e tiña unha viga de ouro."

"O rei mouro que vivía alí sentábase na parte máis alta da muralla do castro."

"Por alí hai un túnel que vai desde a ermida ata o río, polo que levaban os cabalos a beber. Os que fixeron este túnel disque foron os mouros". Esta mesma variante contáronnola varias veces, pero dicían que os autores do túnel foran os romanos e os celtas: *"Alí había trincheiras dos mouros dos tempos das guerras."* *"Na Caropa estaba a entrada dunha cova na que vivía unha raíña."*

As lendas dise que teñen algo de realidade, e esto debérono pensar algúns veciños nos anos trinta, que fixeron unha excavación no lugar da Caropa, nun sitio que lles parecía a entrada dunha cova. A cova en efecto estaba alí, pero en lugar de tesouros e a habitación dunha fermosa raíña, atopáronse únicamente con ladrillos, eso sí, bastante grandes.

Unha das testemuñas presenciais da excavación relátanos o que atoparon: *"Era unha cova na que o corredor era máis largo que ancho e os ladrillos que se atoparon medía aproximadamente cincuenta centímetros de largo e eran moi grosos. Quedaron tirados polo chan e a xente foinos levando pouco a pouco. Non recordo que houbera bóvedas nin columnas"*.

Podería tratarse con seguridade dun forno romano: o tamaño das posibles tégulas así nolo fan pensar. Actualmente alí non queda nin rastro.

Esta foi unha área moi romanizada por pasar moi preto de aquí unha vía romana e tamén hai que lembrar o achádego no lugar de Fervenzas dunha ara dedicada ó deus Xúpiter aínda hai poucos anos.



fig. 1



fig. 2

Non é descartable, polo tanto, supoñer a orixe do nome de Flores nun posible culto á deusa romana Flora. Era esta deusa unha das doce divindades de máis importancia no mundo romano, e a súa festividade celebrábase no mes de abril para implorar a

protección dos deuses para a agricultura. Representaba o eterno renacer da vexetación na primavera.

O autor romano Plinio dalle o nome de Florius a un río da comarca de Betanzos, que hai moitas posibilidades de que se referise ó Mandeo (Urgorri, Anuario Brigantino 1982). Podería ser esta outra das razóns da orixe do nome de Flores.

A igrexa de San Pedro de Feás, da que é anexa Flores, pertenceu nalgún tempo ó mosteiro de Samos (J.M: Andrade: *"El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia Medieval, siglos X al XIII"*).

No s. XIV os coutos de Muniferral e Feás levábaos Aras Pardo, que posteriormente deixounos á súa filla Sancha Rodríguez (muller de Fernán Pérez de Andrade). No 1398, o Cabido de Santiago entrou en posesión dos coutos de Feás e Muniferral. No 1607 o Cardeal Jerónimo del Hoyo fala da igrexa de San Pedro de Feás, que era presentación do Cabido de Santiago e fai referencia á ermida de Nosa Señora de Flores.

Actualmente o edificio da ermida de Flores está completamente abandonado, recuberto en boa parte de vexetación e sen tellado. O seu abandono xa ven de hai máis de cincuenta anos, e foi nos anos setenta cando caeu o tellado. (fig. 1)

A ermida, de nave e ábside rectangular, tiña cuberta de madeira e tellado a dúas augas. No interior consérvase aínda o arco triunfal apuntado (fig. 2), sustentado por dúas semicolumnas de fuste curto, con basas e capiteis con decoración de traza románica. Un con decoración arquitectónica representa uns arcos e o outro (fig. 4) un ser híbrido con dúas cabezas humanas e corpo que semella de animal. Este último atopámolo nun dos capiteis que conforman a arquivolta da porta principal do mosteiro de Cis. Estas semellanzas axúdannos a datar estes elementos que serían probablemente góticos, da primeira metade do s. XV. Chama a atención, visto dende o interior, a porta lateral que aparece tapiada con arco de medio punto.

Por desgracia algúns elementos que conformaban o edificio xa caeron e foron recollidos principalmente por particulares, así aconteceu cunha cruz antefixa, unha pía de auga bendita, a campá e outras pedras que estaban na sancristía, que as levaron ó pouco tempo de caer o tellado.

O interior desta ermida esta-

ba practicamente toda decorada con pinturas, como outras igrexas desta zona como Cuíña, San Pedro de Oza, Coirós, Cis, Pontellas ou Santa María de Ois, que se foron descubriendo despois de caer o tellado. Actualmente consérvase moi nidiamente —seguramente por pouco tempo— a figura dun santo que leva por unha cadea un animal que semella unha pantera. (fig. 3)

Aínda se recorda no lugar como nas Festas de San Roque, en concreto o día de Nosa Señora, levábanse as imaxes en procesión desde a igrexa da parroquia de Feás á de Flores e ó día seguinte, despois da misa na capela, voltábase en procesión con elas para a igrexa parroquial.

Outras tradicións que perviviron era que cando se quería que empreñase unha vaca, collíana e levábana presa dando unha volta con ela arredor da ermida e metían por debaixo da porta principal un patacón dicindo: *"Que o San Roquiño nos axude"*.

No lugar de Flores celebrábase unha feira tódolos días oito de cada mes. Chamábase Feira do Oito, que se foi perdendo e deixou de existir nos anos corenta.



fig. 3



fig. 4

Manolo Crestar

O bohemio libertario que retratou a represión do 36 en Betanzos

Xesús Torres Regueiro

Pouco sabemos de Manolo Crestar, irmán de Luisa a poeta, descendente dunha dinastía de canteiros pontevedreses que asentaron entre nós e dirixiron o primeiro sindicalismo gremial e de resistencia. Manolo trocou o cicel polo lapis e a dureza da pedra polo papel. No globo de San Roque enviou os seus debuxos ás nubes. Sentiu a chamada da Terra na primeira hora das Irmandades da Fala. Logo foi bohemio por Cuba, en peñas de artistas pola Coruña dos anos vinte. Aquí foi amigo de Cebreiro e Bonome, aos que caricaturizou, e doutros artistas mozos. A Guerra colleríao en Madrid, no bando leal, logo Valencia e Barcelona, co desmoronamento e derrota republicana, ata perderse o seu rastro vital. Para daquela loitaba cos libertarios, agrupado cos da tribu galaica.

Soubo da dor e da represión salvaxe na súa cidade tomada e quixo denunciála como el sabía: graficamente. A súa queixa amarga e serena saíu en portada do *Galicia-Libre*, "portavoz de los gallegos libertarios", no número 13, datado en Madrid o 20 de xaneiro de 1938. Ata entón eran trinta as vítimas betanceiras (oito fusilados e vintedous paseados), entre as que habería amigos e compañeiros de Crestar. Logo aínda habería que sumar tres vítimas máis. Trinta e tres en total. Dende mozos de dezasete anos a ancianos de setenta e seis.

Un feixe de cadáveres xace aos pés dun garda armado que observa o resultado da súa acción criminal mentres unha corda de presos avanza cara a morte que lles agarda. Ao fondo a silueta inconfundible da cidade. Por enriba, das lapas do convento queimado (episodio aínda escuro e sen esclarecer) que se elevan sobre ela, espreitan unhas macabras e impresionistas figuras a representar ao clero corrompido, a burguesía e os capitalistas, a garda civil sanguinaria, a presidir a represión, a procesión da morte, como nun tablado de fantoches. Un crucificado nunha tétrica procesión e un aforcado coa lingua fóra e os ollos saídos das órbitas completan o fúnebre panorama.



Ao pé do debuxo lese:

"¡Galicia mártir!! Entre los pueblos donde la bestia fascista operó con más crueldad, figura el de Betanzos (Coruña). El lápiz maravilloso del brigantino M. Crestar, interpreta fielmente con este dibujo toda la tragedia de que le hizo víctima la Guardia civil y falangistas. ¡Asesinos!"

Foi Dionisio Pereira, amigo e estudoso do movemento operario e libertario, quen nos deu a coñecer hai algún tempo publicación e estampa (¡tráxica estampa!), depositadas no Arquivo da Guerra Civil en Salamanca.

A estampa de Crestar, no seu patetismo e denuncia do horror e mesmo na súa calidade, pódese comparar sen dúbida coas dos álbumes de Castelao (o "Atila en Galicia", o "Galicia Mártir"), ou cos debuxos de guerra de Arturo Souto.

¡É tempo xa de ser coñecida como merece!

Eladio Rodríguez e Betanzos

Pilar Vázquez Rodríguez

Foi nos primeiros Xogos Florais celebrados en Betanzos, aló polo 1886, cando o mozo de 22 anos Eladio Rodríguez participou, tamén por primeira vez, nun certame literario. Estaban organizados os xogos polo semanario betanceiro *Las Mariñas* e entre os concursantes, ademais del, atopamos a Salvador Cabeza de León, Enrique Labarta e Manuel Amor Meilán. O poema que presentaba o poeta de San Clodio era o titulado "O puzo do Lago", conquerindo a Pruma de prata, por un tema que facía referencia á Virxe, publicado na revista *Galicia*, xunto cos outros traballos premiados.

Ó ano seguinte, 1887, preséntase de novo, acadando varios premios: a Flor natural, polo poema "Os orfos da emigración", o Caravel de prata por "O puzo do Barco", a Lira de prata por "As festas da miña terra" e un 1º accésit dotado coa Margarida de prata, polo poema "Arrenégote moda".

Da súa relación con Betanzos tamén temos conta do poema "Crisol de raza", non recollido en libro, que apareceu publicado de xeito destacado nunha *Guía del Turista* editada pola Casa Núñez no ano 1929 e que reproducimos nestas páxinas.

Volta de novo á nosa cidade, xa como presidente da Real Academia Galega, o 17 de agosto do ano 30, nesta ocasión tomando parte nun acto que consistía en iza-la bandeira galega no balcón do Concello e dirixindo posteriormente unhas palabras ó público asistente ó acto.

Xa por último, temos constancia tamén da publicación de dous poemas seus na revista *Betanzos*, do "Centro Social Betanzos" de Buenos Aires: un, "Rapazadas", no número de agosto de 1935, e o outro, "Marcha trunfal", no número de decembro de 1949, ano da súa morte, posiblemente como unha homenaxe ó autor.

Eladio Rodríguez con varios membros da "Cova Céltica" con motivo da visita de Curros á Coruña no 1904. De pé, pola esquerda: Uxío Carré, Florencio Vaamonde, Tettamancy e Eladio Rodríguez. Sentados: Telesforo Oxea, Murguía, Curros e Andrés Martínez Salazar.



CRISOL DA RAZA

Donaire e garridez nos andares,
lume de sol e lóstregos nos ollos,
no corazón serenizas de quererer,
mel nos beizos, dozura nos salares,
nas meixelas albor de amañecerer,
música agarimante nos decires,
medura nos cantares,
na gorxa gralear de reisñoñores,
lesoucos de promesas nos suspires,
e alá dentro do peito amor de amores...

..

!Rosíña das roseiras campesiñas!
!Gala das máis galanas galanetas
na catedral, no Ribeiro e nas Mariñas!
!Ti érela alma dos agros das aldeas,
crisol da raza enxebre enl' as máis puras!
!Como cos teus salares acariñas!
!Como cos teus ollares alumeas
as vidas máis escuras,
e como ó seu deber as encamiñas!
!Melga e santa muller! !Bendita veas!

Eladio Rodríguez González
Presidente de la Real Academia Gallega.

Poema publicado en Betanzos, Guía del Turista, editada pola Casa Núñez con motivo das Exposicións Universais de Sevilla e Barcelona de 1929.





DATAS NA VIDA DE DON ELADIO RODRÍGUEZ

1864. Nace o 27 de xullo na Ponte de San Clodio, no concello de Leiro, provincia de Ourense. As terras do Ribeiro enchen a súa infancia ate que aos sete anos e por decisión da súa nai, que non o ve como un traballador do campo, é enviado á Coruña á casa dun tío.

1886. Accésit nos Xogos Florais de Pontevedra co poema "A noite de San Xoán". Pruma de prata nos de Betanzos polo poema longo "O Puzo do Lago (lenda)".

1887. Gaña varios premios nos Xogos Florais de Betanzos con "O puzo do barco", "As festas da miña terra", "Os orfos da emigración" e "Arrenégote moda".

1888. Ano no que regresa definitivamente á Coruña. Antes dera clase aos rapaces da súa aldea. O 20 de agosto dese ano consigue praza no Concello coruñés como escribente. Xornalista na prensa local, primeiro en *La Mañana* e logo en *El Noroeste*, chegando a dirixir ambas publicacións. Colabora na revista ourensá *O Tío Marcos da Portela* e *A Monteira* de Lugo (1888 e 1890) e na revista coruñesa *Galicia*.

1891. Gaña os Xogos Florais en Tui co poema "¡Desperta!", no que invoca a unha musa céltica para que desperte ao pobo galego do seu sono.

1894. Publícase o seu primeiro libro de poemas *Folerpas*, de temática costumista e combativa.

1896. Establece contacto con outros galeguistas: Eduardo Pondal, Murguía, Martínez Salazar, Francisco Tettamancy, Galo Salinas, Lugrís Freire, Pérez Ballesteros, Marcial de la Iglesia..., coñecidos como os galeguistas da "Cova Céltica", espallando o seu ideario na *Revista Gallega*, da que era director Salinas. A través dela fanse chamamentos á unión dos rexionalistas dende unha posición liberal e progresista.

Publícase o manifesto da Liga Galega na Coruña, onde se recolle un programa político-social e económico para Galiza.

1904. Participa na fundación da Asociación da Prensa da Coruña e na inauguración do monumento aos fusilados en Carral no pronunciamento de 1846, por iniciativa da Liga Galega.

O 21 de outubro participa na homenaxe a Curros Enríquez na Coruña compondo un poema titulado "¡Excelsior!..."

1906. Participa como socio numerario fundador na constitución da Real Academia Galega.

1907. Intégrase no movemento Solidaridade Galega.

1916. O 18 de maio participa na constitución da primeira Irmandade de Amigos da Fala, na Coruña, e neste mesmo ano na creación do grupo folclórico Cantigas da Terra.

Acada co poema "Paisaxes" o primeiro premio no Certame literario celebrado en Santiago.

1917. Publica unha guía turística a petición da "Asociación de hoteleiros e fondistas".

Preside o grupo Cantigas da Terra, que terá grande relevancia dentro e fóra de Galiza. Na constitución da súa coral reivindica a cultura tradicional galega.

1918. O xornal *El Noroeste* saca o suplemento *Nós, páxinas galegas*, dirixido por don Eladio, que vai se-la precursora da revista *Nós*. Ten catro páxinas redactadas integramente en galego e a súa única intención é prestixia-lo idioma do país.

Os seus poemas "Alma da Raza" e "¡Malpocado!" son premiados na Festa Galega organizada en Lugo que celebra a Asemblea Nacionalista Galega.

1920. Asume o cargo de secretario da Academia Galega.

1922. Publica *Raza e Terra* na colección Céltiga.

1924. Premio de honra ao seu poema "Oracións campesiñas" na Festa da Lingua Galega celebrada en Santiago.

1926. É nomeado presidente da Academia Galega, nun momento no que suscitan certas divisións e discrepancias no seu seo. Durante oito anos exerce de presidente, ata que no 1934 renuncia por motivos de saúde.

1927. Publícase o seu segundo libro de poemas, *Oracións campesiñas*, nun tono máis queixoso que reivindicativo. Recolle tamén poemas premiados en diversos certames dende 1915.

1928. Anúnciase en *A Nosa Terra* a publicación inminente do seu *Diccionario Enciclopédico* en fascículos, cunha campaña de subscrición. En 1933 o Concello da Coruña comprométese a publicalo, sen chegar a facelo.

1935. Publica un Compendio de Agricultura.

1937. Xubilase como oficial maior honorario do Concello da Coruña.


1949. O 14 de abril morre na Coruña aos 85 anos.

1958. Por fin, Galaxia edita en Vigo o primeiro tomo do seu *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*. En anos sucesivos publicará o segundo (1960) e o terceiro tomo (1961).

1964. O 18 de decembro a Real Academia Galega conmemora no salón da Reunión de Artesáns da Coruña o centenario do seu nacemento.

Datos recollidos por **Pilar Vázquez Rodríguez**

Fontes: Ricardo Carballo Calero: *Historia da literatura galega contemporánea*. Ramón Otero Pedrayo: *O libro dos amigos*. Xoán Carlos Lagares: *Don Eladio Rodríguez González. Certamen literario de Betanzos promovido por Las Mariñas*.



Edición de "Oraciós campesiñas" coa portada deseñada por Castelao.

Rexo, forte, pequeneiro, valente, dreito e franco enxergar, faciana de grave legría baixo o grande sombreiro de bohemio ou de fidalgo D. Eladio era un dos primeiros que me acollía na Cruña, e dinantes das palabras beilaballe nos ollos a pregunta.

[...] Deixou Don Eladio un cabaceiro de cinco tramos ben ategado de millo de palabras, ou arca madrona e axeitados arcaces de centeo de verbas seiturado nas agras do pobo e na sua eira mallado. Millor chamar vendima en sazon e raiosa, ferva e resaca do viño da lingoa a angueira gostosa de todos os días por ser D. Eladio ribeirán de cerne. Facía a escolma no vivo. Non anatomía das palabras. Collidas enteiras, co labio de mofa ou da cántiga, ca valencia unica do vivente, o dicionario de D. Eladio cando se publicar vai ser unha suma de paisaxes, ha recendere a frol das viñas por o abril e gardará a lus de cando as verbas foron ditas.

[...] Na Cruña fixose cidadán por dous camiños: o xornalismo e a Poesía.

Ramón Otero Pedrayo

O libro dos amigos
Buenos Aires, 1953.

Os orfos da emigración

(...)

Si algunha vez, meus leutores,
topades abandonados
ós fillos dos emigrados,
calmade os seus sinsabores
e consoladeos... ¡coitados!

Hoxe tódolos labregos
coidando os campos gallegos
¡ alá lonxe, en vez de achegos,
van topar... ¡si cadra a morte!

I entranto en terras alleas
eles se ven despreceados,
van polas nosas aldeas
mulleres de fame cheas
e nenos abandonados...

¡Ai! Si os nosos campesiños
se deixaran de emigrar,
n-habría tantos meniños
como hai sin paiciños
que traten de os amparar.

Homes alá despreceados...
Nenos aquí engoumeados...
¡ai! Dios teña compasión
dos seres abandonados,
dos orfos da emigración.

Eladio Rodríguez González

"Os orfos da emigración".
(Premio de honra no certame
literario de Betanzos de 1887).



AFONSO BIEITO

Noticia dos cabaqueiros

As vellas telleiras de Piadela

Suso Torres

*Para Javier,
raiano de nación,
betanceiro de adopción,
cabaqueiro de corazón.*

Os telleiros ou cabaqueiros, constructores manuais de tellas e ladrillos, concentrábanse na zona do Baixo Miño, nun oficio que se transmitía por xeneracións. Como oficio ambulante ou itinerante que era, desprazábanse en cuadrillas coa súa ferramenta, facendo cada ano xiras que chegaban mesmo ata León, Castela ou Extremadura. Normalmente tiñan uns puntos fixos de parada onde botaban a tempada (uns cinco meses) amasando o barro e cocendo a tella e o ladrillo. Ás veces remataban instalándose nun sitio, onde traballaban a maior parte do tempo aínda que non deixasen de facer algunha saída ou viaxe de traballo. Con barro, auga, aire e lume, elementos primixenios, fabricaban a man o seu pan. Oficio durísimo, sen apenas pausas, de estrela a estrela, que desapareceu coa industrialización e as fábricas cerámicas.

O único lugar do concello de Betanzos, que nós saibamos, onde houbo telleiras é Piadela. Nesta parroquia á que o Mero lle serve de linde había boas barreiras. Xa no 1845, ano de edición do seu famoso Dicionario, don Pascual Madoz sinala que hai catro telleiras nesta feligresía. Sen embargo, na

matrícula municipal de Comercio e Industria dese ano que consultamos no Arquivo Municipal non figura ningunha, o que quizá indique un asentamento temporal e non fixo. Dous anos despois, na matrícula de 1847, si aparece unha "*fábrica de tejas y ladrillo*" na parroquia de San Estevo de Piadela. O nome do propietario (Antonio Babío) aparece tachado, xa que "*presentó p^{te}. de Cese en 29 de Ag^o...*" Unha vez máis vemos o carácter temporeiro dunha actividade que aproveita certas épocas do ano para exercer o oficio de forma ambulante.

Xa no ano 1895 constan dúas fábricas de tella e ladrillo "*ordinario no prensado*" en Piadela, de Andrés Vaamonde e José Vázquez. Estas telleiras existen aínda por 1900.

No ano económico 1924-25 figuran dúas fábricas de tella e ladrillo, "*ordinaria no prensado*", en Piadela. A de Andrés Vázquez "*y consortes*" e a de José María Álvarez Portela. Este aparece a continuación ("*El mismo*", polo mesmo), cotizando novamente, polo que cabe entender que ou ben tiña dous obradoiros ou tiña dobre produción que o outro.

Este Álvarez era oriundo da Guarda ou daquela zona da raia con Portugal, berce sonado de telleiros. Polo ano 1913, segundo a acta da sesión municipal do 1 de decembro, o Concello pagáballe unha conta a Victoriano Álvarez Rodríguez, veciño da Guarda e quizais pai do anterior, por tres mil tellas para edificios municipais, o que non quer dicir que as tellas viñeran daló senón que eran elaboradas aquí por este guardés ou "raiano" e os seus operarios. Esta vinculación dos raianos con Betanzos mantívose ata os nosos días, pois a última telleira que existiu en Betanzos foi a de Augusto Lomba Álvarez, tamén en Piadela, que estivo activa ata finais dos sesenta. Aqueles José María e Victoriano Álvarez eran parentes (curmán e tío) de Lomba, quen os continuou. Todos eles nunca esqueceron as súas orixes e mesmo poñían fachendosamente "Rayano" cando se publicitaban. No Rosal, patria de tantos



A telleira de Lomba en Piadela. Os operarios prensan o barro coa axuda dunha noria (malacate) guiada polo cabalo. Ao fondo, o forno fumea.

cabaqueiros, conscientes do que lle deben a este gremio, ergueron hai uns anos un monumento ao cabaqueiro e celebran anualmente unha festa na súa honra. O amigo Javier Lomba, descendente desta xinea de telleiros raianos, que foi quen nos forneceu datos e fotografías do obradoiro familiar, di que sempre rende un saúdo de homenaxe, como se se descubrira, ao pasar por diante del.

Deixando aparte a produción propiamente local e mesmo para outros puntos da comarca, a telleira de Lomba ten producido tella para retellar nada menos que a Catedral de Santiago, dependencias arcebispais e Seminario Maior na época de Quiroga Palacios, contribuíndo deste xeito a engalanar o patrimonio artístico da urbe xacobeana.

Con Augusto Lomba, a vella telleira dos raianos en Piadela pasou a ter produción permanente, fixando a residencia da familia en Betanzos e pasando de ambulantes a sedentarios. A telleira de Lomba mantívose activa ata a construción do encoro de Cecebre, sendo expropiada daquela, pois atopábase en zona de risco na cola do encoro e na beira do Mero. Foi a última das telleiras de Piadela, pois a outra, a de Simón, pechara anos antes.

Se ben a telleira de Lomba en Piadela xa se atopa comida pola maleza, resulta interesante ver as que aínda se manteñen en pé na viciña vila de Sada. Na zona que no "fino" nomenclator sadense figura como "Calle de las Tejeras" consérvanse dúas en aceptable estado dedicadas a almacén. En toda a zona próxima houbo nada menos que oito telleiras, chegando a funcionar a derradeira ata 1971.

Os telleiros ou cabaqueiros, como outros oficios de xente ambulante, tiñan a súa fala ou xerga propia. Javier lembra, de terlle escoitado ao pai e aos operarios, voces nesta fala e mesmo cita algunha frase de corrido.

Varias xergas de oficio foron estudadas en Galicia: o latín dos pedreiros ou verbo dos arghinas, dos pedreiros de Cotobade, Terra de Montes. Moitas familias de canteiros viñeron daló para Betanzos, caso dos Crestar. Outra é a xerga dos cesteiros de Mondariz, noticiada por Bouza Brei na revista *Nós* e reeditada polo Museo do Pobo Galego en 1992. A terceira é o barallete dos naceiros, afiadores de Nogueira de Ramuín e concellos limítrofes estudada por Xosé Ramón e Fernández-Oxea e outros. E a última, sen que isto indique rango ningún, é o verbo ou latín dos cabaqueiros, telleiros do Rosal e Baixo Miño. Hai un libriño de Domingo Álvarez Álvarez, editado en Tomiño en 1965, que recolle catro destas falas co título "*Jergas de Galicia. La de los tejeros, canteros, albañiles y paragüeros*". A dos telleiros chámase verbo dos daordes. Nesta xerga os integrantes da cuadrilla (oficial, tendedor, pieiro, carretilleiro e o rapaz ou cachiza, dirixidos polo buxa) comunicábanse entre eles, cando non querían ser comprendidos polos *catas* ou paisanos dos lugares onde traballaban, pois *O cata que paríña non enterva o que jalrua o cabaqueiro*.

Outro libro máis recente (Gráficas Lomba, O Rosal, 1995) é o de Praxíteles González Martínez, antigo cabaqueiro, titulado "*Embajadores de los infiernos. Historia y lenguaje de los cabaqueiros*", unha tremenda descrición deste escravo oficio dende o punto de vista do rapaz da cuadrilla, o máis sufrido dos seus membros. Nel recolle un diccionario do verbo do cabaqueiro cunhas seiscentas acepcións e discrepa doutras recolleitas realizadas por algúns estudiosos do tema.

Millán Picouto, poeta ourensán dos nosos días, cantou os traballos destes homes realizados moitas veces á intemperie con chuvia ou con sol. Con el rematamos a xeito de homenaxe:

Cantiga dos telleiros

Porque nos vosos invernos maiores
as chuvias non reinan cos outros rigores,
lembrádevos dos telleiros!
lembrádevos dos telleiros!

Porque nos vosos máis longos estíos
os soles imperan o mesmo que os fríos,
lembrádevos dos telleiros!
lembrádevos dos telleiros!.




Día de neve na telleira de Lomba. Dous operarios xogan con ela poñéndoa de sombreiro. Ao fondo vense as ringleiras para secar as tellas, as instalacións cos cobertizos e o fomo que sobresa.



António Naveira Goday

Antón Avilés de Taramancos



Antón Naveira Goday por José Luis

Era o que se di un señorito. Neste caso un señorito de Betanzos, que é peor. Había, nembargantes unha grandeza antiga no seu aquel que o redimia de cras e condición e que lle daba ese ar boémio e despreocupado dos señoritos que están por facer algo e teñen conqué. Naveira era algo máis que un afeitoado do teatro. Tiña coñecimentos non só literarios senón técnicos, é dicir coñecía a carpintería interior, o escenario por dentro, a cordame e a angúria de ver como se resolve unha peza ollada desde o trasfondo, como se moven as personaxes, as luces e as sombras. Era un director nato e sobra-lle tempo, cando non sobra nada para emprender cometido algun nesta arte, que aínda hoxe anda atoutiñando. Con el andaba eu de axudante cando se puxera a primeira obra de teatro vertical, na fachada de Santa Eufémia de Ourense, que a Don Vicente Risco lle parecera arte do demo, e que levaba razón, pois o demo tiña moito que ver no asunto. Era un auto sacramental de López Cid, querido escritor ourensán, que se chamaba "La mujer más probada" onde saía Luzbel "con un lacito azul en el prepucio".

O papel de demo facíao Xosé Luis Caramés e o da Virxe Marisa Naya, que tiña que aparecer na fornacina máis alta da igrexa e que co pavor e o vértigo que lle dou, tiven eu que a substituír a facer o papel de Virxe Maria, do que ninguén se apercebeu dada a altura do edificio e a miña face de mazá reineta que diría Urbano Lugrís. Supoño que Santa Maria mo terá en conta cando me chegue a hora do inferno.

Xa Naveira levava ao escenario "Os vellos non deben namorarse" por primeira vez na Galiza con Eumedre, Payón e Pucho Ortiz, grandes actores do seu tempo, forxados nos apropósitos de Nito, e que fora capaz de pasar pola censura decindo que era unha obra de Daniel Rodríguez, autor descoñecido para as autoridades da alfándega cultural. Eumedre foi despois un actor de mais sona e chegou a facer cine con Rafael Gil na "Casa de la Troya" e "Camarote de lujo" nas que eu tamén andei de axudante, máis ben por ver-lle as pernas a Maria Mahor, que era a "Maja" madrileña daquel tempo e actriz máis ben mediocre. Ese xa é outro conto que se contará. Falemos de António Naveira Goday.

A empresa máis grande que se propuxo naqueles anos cincuenta cando eu andaba con el, foi a de levar a escena o "Don Hamlet", "O Incerto Señor Don Hamlet" de Álvaro Cunqueiro co que houbo que dar mil voltas para que a censura o deixase pasar, pois aquí andaban máis avisados e tivo que intervir desde Madrid, por intermedio de Mariano Tudela, Manolito Fraga que naquel entón era subsecretario de Información e Turismo baixo as ordes de Arias Salgado, Ministro do ramo. As peripécias foron-se salvando e puxemos man á tarefa.

Os decorados e as luces marcaron unha época no teatro coruñés. Obra de Claudio Varela de Cambre e de Xosé Luis, tiñan a grandeza e o esplendor que a Corte de Elsinor merecía, e tiñan tamén a modernidade que a obra necesitaba. Máis grande aínda foi o labor de Xosé Luís Caramés como Hamlet, de Merche Fernández como a raíña Herda, de Andrés Rei, "o carteiro", como o vello rei de Dinamarca, e no papel de Ofélia, "que tiña o corazón tan pequeniño", Marisa Naya, lánguida na sua brancura, entre as sombras do castelo magnífico.

O problema era o vento. "En Elsinor todo é vento" dicía Álvaro Cunqueiro. Non era fácil encher de vento o Teatro Colón. Houbo que percurar ventiladores que moveran as cortinaxes, e gravar o zunido do vento a fungar na costa fisterrán, con aqueles magnetófonos grandes como bagaxe de astronauta que escomezaba haber naquel tempo.

A obra foi un grande éxito nacional. De toda a Galiza viñeron ver ese portento, e sobre todo o atrevimento de pór na Coruña de entónces, vixiada

polos sicários do réxime, unha obra en galego, na que se cantaba ao final de cada función, con todo o mundo ergueito no pátio de butacas e no galiñeiro, o hino de Pondal, que resoaba até facer tremer a cidade.

Por iso eu lle quero pagar agora a Don Antónío Naveira, coa miña pobre moeda literária, a emoción que me brindou daquela e o deixar-me participar, aínda que fose en grao menor, naquela tarefa de gigantes na que Galiza ia reverdecendo.

O INCERTO SEÑOR
DON HAMLET

PRÍNCIPE DE DINAMARCA

ESTRENO EN LUGO PATROCINADO
POR LA ASOCIACION DE LA PRENSA

Pieza dramática en tres xornadas, na que se representan as súas dúbidas e morte, e se dá varia noticia de outras xentes

PERSOAXES

EL REY HALMAR	ANDRÉS REY
A RAÍÑA GERDA	MERCI FERNANDEZ
O PRÍNCIPE HAMLET	José L. CARAMÉS
OFELIA	MARISA NAYA
LAERTES, seu irmán	JESÚS MOSTEIRO
POLOÑO, pai de ámbolos dous	José REDONDO
PANTALONE	JAVIER G. CATOIRA
ESCARAMUZA	ENRIQUE PAYON
ARLEQUÍN	JOSUÉ M. GARCÍA
DONA GUGLIELMA	LALAYA TORRON
COLOMBINA	MARISA V. PEDREIRA
MALAR, estudante	ARMANDO PEREIRA
Outros estudantes	ANDRÉS AMANDO ANTONIO CORTES JOSÉ LINARES
O CORO	FRANCISCO FOLGAR

Xante, sombras e voces de Dinamarca

DECORADOS: CLAUDIO

FIGURINES: GARCÍA PATIÑO e VILLAR CHAO,
REALIZADOS POR MERCIOS NIÑO

LUMINOTECNIA: GALLART ESPECTOS SIMBÓLOS: JORGE MUÍÑOS
MAQUILLAGE e BELLIQUERÍA: ACEA

REGIDORES DE ESCENA: ANTONIO FERNANDEZ e J. VALES

AYUDANTE DE DIRECCIÓN: JESÚS MOSTEIRO

DIRECCIÓN e REALIZACIÓN: ANTONIO NAVEIRA

P
A
B
E
L
L
O
N
D
E
F
I
E
S
T
A
S

11
O
C
T
U
B
R
E

1959

8 tarde



Álvaro Cunqueiro e os actores da obra saúdan ao público na estrea do "Don Hamlet"

Este artigo do noíes Antón Avilés de Taramancos (1935-1992) publicouse por primeira vez no periódico de Noia "Barbanza", na 1ª quincena de febreiro de 1989. Está recollido no volume "Obra viva" (Edicións Laivento, Compostela, 1992). O "Don Hamlet" estreouse no Teatro Colón da Coruña o 31 de agosto de 1959.

Operación: Porto Infanta

Obxectivo: Destruir a costa

Antón Fafián

Ás veces un quere crer que non é certo todo o que ve ou escoita, que os responsables municipais tamén teñen malos días, coma todos, e poden ter ideas, que máis que iso parecen copias inapropiadas de cousas que ven noutros lugares.

Falamos neste caso de Sada, un municipio que vive cara ao mar, cun sector pesqueiro que xa foi máis puxante do que hoxe é, ocupando aproximadamente ao 6 % da poboación cuns 40 barcos con base en Fontán adicados principalmente a pesca de baixura ademais de moitas embarcacións de recreo de todo tipo, a iso hai que sumar as bateas de mexillón, un sector servicios forte...

Hoxendía Sada estase a converter nun municipio que pola súa proximidade á cidade de A Coruña, 16 km., ten un puxante sector da construción entroutras cousas debido á abundancia de segundas residencias maioritariamente desocupadas perante cáseque todo o ano e que cobran vida ao chegar as vacacións, ou coma vivendas de fin de semana.

Sada conta ademais cun porto deportivo que será próximamente ampliado e mellorado por parte da Xunta de Galicia dentro dun plan que prevé a creación de 8000 prazas de amarre en portos deportivos en toda Galicia cun investimento de 6.800 millóns de pesetas de aquí ao ano 2005 no que se pretende que a inversión privada represente o 60 %.

A Xunta, tenta copiar un modelo de desenvolvemento que noutros lugares xa tocou teito: o Estado Español conta hoxendía con 240 portos deportivos maioritariamente situados na zona mediterránea. Cataluña e as Illas Baleares xa teñen unha moratoria por lei á construción de novas

instalacións que moitas veces traen como "segunda" intención a urbanización de franxas costeiras en moitos casos protexidas polo seu estado de conservación, pola súa riqueza ambiental ou paisaxística... e que doutro xeito serían fácil presa do formigón; para iso disfrázanse a cotío as solicitudes baixo o pretexto de construír dársenas pesqueiras.



Se botamos unha ollada derredor, nos últimos tempos non se fala doutra cousa con referencia ao litoral: que se rexeneración de praias que cada ano quedan sen area, que se novos diques, paseos marítimos, remodelación de portos... xerando moitas veces situacións límite que en lugar de supor un empurrón para a economía e sustentabilidade do litoral estano a condicionar e transformar para sempre.

Queda claro que a maioría destas obras lévanse a cabo sen estudar a fondo as súas consecuencias. Un caso claro témolo cerca, trala construción do novo dique de Sada e a extracción de area na ría de Betanzos para rexenerar as praias de A Coruña, as consecuencias que isto trouxo á praia de Miño están aí para ver, cada ano está a perder centos de miles de toneladas

de area que hai que repoñer cun custo que repercute en todos nós, os exemplos son moitos como para comentalos todos: Santa Cristina en Oleiros, Sanxenxo en Pontevedra...

E agora en Sada, en terreos situados entre Carnoedo e Fontán pretenden construír nunha franxa de costa entre as praias de Morazón e Arnela ocupando 158 560 m², incluíndo 4560 m² de zona de dominio público marítimo-terrestre; un

proxecto que partiu da promotora Sadamar pertencente ao grupo inmobiliario do Banco Pastor: 475 vivendas de variadas características: dende edificios con cinco alturas ata chalets pareados, adosados e aillados e para rematala un porto deportivo con capacidade para trescentos amarres, nunha zona na que hoxe se sitúan as bateas do mexillón e sen ter en conta as variacións das correntes de auga da Ría.

Noutros países como Francia existen portos deportivos que arrastran perdas dende a súa creación como é o caso de Hendaia, e iso que no Estado Francés a media de barcos por 1000 persoas é de 14 namentras que no País Vasco por exemplo é de 2,8 na súa maior parte embarcacións tradicionais que nunca necesitaron instalacións sofisticadas para atracar como ocorre tamén en Galicia. Ademais conséntase que a popularidade da vela e da motonáutica non é tan abundante como para necesitar tal cantidade de amarres, e se a iso sumamos que a Xunta vai a ampliar e mellorar o porto deportivo xa existente...

Agora ben, se damos por feito que so se desenrolamos instalacións náutico-deportivas poderá coller pulos o sector, así acontecerá, tras xerar necesidades actualmente inexistentes.

A todo iso hai que engadir que os portos deportivos como o previsto para Sada coñecido como Porto Infanta son instalacións para grupos escollidos. Nos Estados Unidos entre o 66 e o 71 % dos practicantes da vela e a motonáutica teñen ingresos superiores aos 3,5 millóns de pesetas anuais e aquí pasa algo semellante, e o que non chegue, a maioría, haberá de conformarse con pasear polos peiraos vendo os barcos.

E que di o concello, estaranse a preguntar; pois o alcalde Rodríguez Ares, máis coñecido por Moncho "expresou a súa satisfacción ante a próxima execución deste importante plan urbanístico";



ademais considérasea "a obra urbanística máis importante do norte de España e que redundará no crecemento de Sada e no recoñecemento por todos de que esta será unha zona privilexiada" ...ou para privilexiados.

A pesares do apoio a Porto Infanta por parte do concello, un grupo de cidadáns crearon unha Plataforma en Defensa da Ría de Ares e Betanzos logrando reunir máis de 2500 sinaturas e presentando alegacións contra o proxecto por consideralo ilegal, innecesario, excesivo e cun impacto ambiental enorme, a estas alegacións sumouse tamén a organización ecoloxista ADEGA.

O Ministerio de Medio Ambiente realizou un informe en xuño do ano 2000 no que obrigaba a modificar varios aspectos do proxecto por incumplir a Lei de Costas referidos aos accesos peatonais ao dominio público marítimo-terrestre e á formación de pantallas arquitectónicas.

Pouco a pouco a costa galega bastante ben conservada do formigón durante anos estase a converter nun bocado apetecible para as promotoras que atopan agora atrancos noutras Comunidades que están a protexer o pouco litoral virxe que lles queda namentras aquí estamos a piques de repetir os erros que outros cometeron antes sen aprender nada deles. Algo si, en Oleiros logrouse paralizar un plan urbanizador tamén na beira do mar nun lugar coñecido como Seixo Branco e que foi declarada Espacio Natural Protexido.

Ninguén pode poñer prezo a unha praia que leva milleiros de anos formándose, a unha terra que estivo con nós dende sempre e que outros pretenden tapar baixo o formigón coa desculpa do progreso, do diñeiro, do turismo, cando o que hoxe buscan moitos turistas non é urbanizacións a pé de praia senón todo o contrario, costa virxe sen formigón, sen portos deportivos... unha costa na que os límites os poña a Natureza cos cantiles, coas

praias, coas mareas, co mar, unha costa coa que os nosos vellos se criaron, mariscaron, nadaron, desfrutaron, sufriron, viviron, navegaron e que herdaron dos seus pais así, hoxe en aras do progreso esto podese perder pola avaricia dos cartos... Porque todos sabemos que a Natureza dicían os povoadores de América non é unha herdanza dos nosos pais senón un empréstimo dos nosos fillos.

Fotos:
José Ángel Pena

Os casamentos

Olga Kirk Martínez
Pablo Díaz Carro
 (Colectivo de recolleita e
 música tradicional Ruote)

O casamento marca unha parte fundamental da nosa vida, xa que supón o inicio dunha nova etapa, e en certo modo, a continuación do ciclo vital. Como para tódolos acontecementos, había en Galicia unha tradición de celebración destas festas, que podía variar dunhas bisbarras a outras, pero das que imos falar dunha maneira global na provincia da Coruña.

O día que se celebraba a voda, presentábanse os regueifeiros na casa da noiva, para cantarlles coplas relativas ó casorio. Normalmente, produciase unha loita verbal entre os dous, onde un defendía á muller e á súa familia, e o outro intentaba provocar ó seu contrincante. Ningún dos dous quería quedar coa palabra na boca, xa que en certo modo tratábase dunha competición de inxenio.

Por exemplo:

A novia que casou hoxe
 xa cho dixen outra vez
 ten dentadura postiza
 e cobra pola vellez.

Eso a ti non che importa
 nin lle importa a ninguén
 o caso é que é boa moza
 e todo lle sale ben

(Recollido en Negreira de Vilamaior, Santa Comba, 14-2-1993)

A “regueifa” era o molete de pan polo que os regueifeiros loitaban aínda que se soía repartir entre os invitados ó final. Pero tamén é o baile que se executaba en honor ós noivos. Os bailadores eran avisados pola familia da noiva, e sempre eran os mellores bailadores da parroquia. Chamábaselles “os padriños da regueifa”, e loxicamente non eran os padriños da cerimonia. A madriña bailaba unha jota e unha muiñeira coa regueifa na cabeza sen ningún outro apoio que un molido, é dicir, un anaco de pano enroscado, e non lle podía caer. Este molete de pan ía sempre moi adornado con galletas, caramelos, monecos e cintas de moitas cores, e soía alcanzar unha altura considerable. En moitos lugares a



regueifa era un símbolo de fertilidade, polo que a súa caída durante o baile, supoñía un mal sino.

As vodas non sempre eran acontecementos alegres. Ás veces, algúns matrimonios celebrábanse pola noite, para escapar da burla e comentarios dos seus veciños. Isto sucedía cando había moita diferenza de idade entre os cónxuxes, cando o interese económico dun deles era moi notable, cando un dos dous era viúvo, ou cando a muller xa tiña algún meniño dunha relación anterior. A sociedade da época non entendía estas situacións, o cura celebraba pola noite e por suposto non había convite. Ante isto, e a modo de protesta, xurdía a “cencerrallada” ou “cinzarrallada”. Tratábase da mostra nocturna de disconformidade por parte dos veciños. Para iso empregaban diferentes utensilios cos que formaban gran estrondo como chocas, cencerros, cornos, latas de pementón, cazolas e

tixolas, e a finalidade era molestar e non deixar durmir ós noivos e que o resto do lugar tivera coñecemento destas vodas segredas ou non aceptadas publicamente. Noutras ocasións, un grupo de mozos da parroquia (case sempre os veciños do mozo) xuntábanse para argallar unhas cantas coplas ofensivas en relación co matrimonio, ou co “defecto” que se tiña. A noite da voda acodían á casa onde estaban os dous, e cantábanlles. Tanta foi a burla ás veces, que a parella, aproveitando a elevadísima emigración de principios deste século, marchaba ó estranxeiro e tardaba anos en voltar, incluso de visita.

De tódolos xeitos, estes casos eran escasos, e o normal é que a festa se celebrase na casa da muller, e que a comida e o baile se prolongase durante tres días e tres noites.



Fotos: Muxía, 31 de agosto de 1966.
Realizadas por Ramón Caamaño.
Arquivo Ruote.

Estrea innovadora, crónica dunha desaparición e dun esperanzador futuro

Xosé Luis Sobrino

Mercedes Peón. Isué.

Resistencia Records 2000.

De excelente cabe significar o debut discográfico de Mercedes Peón. Muller que adicou boa parte do seu tempo, dende os 17 anos, a recorrer toda a xeografía galega para recoller o legado musical dos nosos ancestros.

Un legado valioso de tradición oral e musical que se encargou de difundir principalmente a través de diferentes medios de comunicación con especial incidencia no medio televisivo.

Con estas premisas parecería lóxico presumir que a súa estrea discográfica estaría adicada e consagrada a ese grupo de puristas do noso folclore que esperarían este traballo como auga de maio. Mais o resultado é totalmente innovador, mesturando esa tradición sinalada con novos sons, ritmos e arranxos que rompen esquemas mentais rixidos.

Un exemplo é o tema "Isué", peza tradicional da zona de Malpica que Mercedes transforma dándolle un carácter máis universal e actual, podendo facer así que a nosa música se abra e sexa acollida con máis interese noutros puntos do estado español.



Mercedes Peón presentando o seu disco en Radio Betanzos.



Algo similar acontece co tema "sombra e luz" composto para este traballo discográfico e dotado con cantos que lembran ós ritmos norteafricanos, presentes ó longo do disco e que é perfectamente programable en calquera pista de baile.

Outra característica salientable sería a posibilidade de apreciar a faceta de vocalista de Mercedes Peón ó longo deste disco. Un traballo equilibrado que combina a tradición e a innovación, intimismo e enerxía e fusión de raíces musicais galegas con outras alleas. Mais no medio de tanta fusión e mestura Mercedes Peón atopa tempo para lanzar mensaxes en defensa da herdanza cultural da nosa lingua con estrofas nalgún tema como a seguinte: "o galego que non fala a lingua da súa terra non sabe o que ten de seu, perdiño polo mundo sen saber o que xa é meu".

Enriquecedor traballo logo, que merece unha análise profunda desa mestura de elementos anteriormente mencionados. Proposta que por rupturista seguramente non alcance a curto prazo a comprensión de certos públicos acostumados a produtos máis estándar ou mesmo comerciais, aínda que esta última é unha faceta máis que conseguida con moitos temas deste primeiro traballo de Mercedes Peón.



Vocal Secrets

E deixando o lado máis innovador na nosa música conven falar do grupo Vocal Secrets, trío musical coruñés que desaparecerá presumiblemente a finais deste verán. Carmen Rey, Ángeles Gómez e Silvia Lucchi son as tres voces que compoñen este grupo. Unha formación con varios anos de experiencia sobre os escenarios e co universo da música negra norteamericana materializada no soul e no ghospel como referentes principais do seu estilo. Mais dentro deste amplo e complexo abano musical Aretha Franklin como guieiro desa música baseada na harmonía e na calidade vocal que sustenta a traxectoria destas tres rapazas coruñesas. Unha formación que difundiu a súa particular concepción musical nos seus directos sobre varios escenarios da provincia coruñesa, nuns concertos nos que ofrecen a suma e calidade das súas tres voces arroupadas simplemente por unha guitarra eléctrica.

Calidade interpretativa, coreografías simples pero efectivas e simpatía son en suma os ingredientes básicos utilizados polas Vocal Secrets para meterse ó público no peto. Mais ademáis dese repertorio de clásicos dos anos 60 e 70 Vocal Secrets posúe tamén algún tema en castelán composto por Carmen Rey. Precisamente a saída ó mercado dun disco en solitario desta última fará presumiblemente que esta formación teña que optar pola disolución, unha auténtica perda para os amantes dos ritmos vocais de calidade e compartido escenario con diferentes figuras da nosa música.

Ménades

Un pouco na situación contraria estaría o grupo Ménades, outro exemplo esperanzador para a nosa música. Estamos a falar paradigma de fusión, neste caso de música con certo apego clasicismo (dada a formación de conservatorio das compoñentes), mesturada coa tradición galega,

celta, medieval ou mesmo doutras influencias presentes no repertorio deste grupo.

Ménades xa ten incluído varios temas seus en diferentes CDs tras a súa participación exitosa en diferentes certames musicais, chegando ata o punto de renunciar anos atrás á gravación dun disco en solitario, polas condicións de gravación contrareloxo contrarias ó desexo do grupo de que a súa estrea discográfica fose o máis cuidada posible.

Ademáis desa experiencia nos estudos de gravación, as Ménades xa teñen pasado por múltiples espacios radiofónicos e televisivos e actuado O grupo composto actualmente por Arantxa Vera, Nerea Casanova, Diana Romero, Eva Pato, Isaura Rei e Lola de Ribeira rompeu no momento da súa creación no ano 1996 a dinámica de creación de grupos femininos que estaban a xurdir neses intreos, marcados claramente pola hexemonía de pandereteiras ou cantareiras. Elas ó basar as súas pezas na instrumentación acompañada dunhas melodiosas voces abriron novos ocos no mundo musical galego.

A diversidade de ocupacións das súas compoñentes fai que sexa difícil reunilas con certa frecuencia mais existe a posibilidade de que editen nun futuro un primeiro traballo discográfico que dea a coñecer definitivamente ó gran público ese traballo de mestura e innovación das raíces medievais e celtas coa nosa música.



As novas que nos chegan

Baraxeiro

OS CANTEIROS é un interesante volume sobre este vello oficio que veñen de publicar as **Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego**, recollendo as actas dunhas xornadas celebradas sobre o tema en Parga o pasado ano. As ponencias recollidas son as seguintes: "Os canteiros do século XXI", por Manuel Mallo; "Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz", por X.M. Blanco e F. Arribas; "Os canteiros na literatura", por Xan Cuba; "A cultura da pedra: Unha visión antropolóxica á luz dos textos clásicos", por Ricardo Polín; "Os canteiros na escultura", por Víctor Corral; "Os canteiros na música" por Mini e Mero; e por último, "A linguaxe dos canteiros: O Verbo dos Arxinas, historia e presente", por F. Trigo Díaz. En conxunto, unha ampla cosmovisión sobre os canteiros e a súa cultura. Só botamos en falla algunha ilustración máis, como a estupenda fotografía da portada, nunha publicación arredor dun vello oficio cheo de segredos, mitos e lendas, afeada un chisco polas numerosas erratas, fallos de transcripción e de impresión.

Luis Filipe Maçarico (Évora, 1952) achéganos varias publicacións: O conto infantil **FLOR DE SEMENTINHA**, ilustrado por Isabel Aldinhas e editado co apoio do Crédito Agrícola de Montemor-O-Novo. Unha **BALADA POR TIMOR**, ilustrada por varios nenos e acompañada dun poema do poeta e líder timorense Xanana Gusmão. E o fermoso **LISBOA. PEGADAS DE LUZ**, poemario do cotiá lisboeta ilustrado con fermosas fotografías de Jorge Ismael Cabral nun coidado deseño. Estes dous en edición da Cámara Municipal de Lisboa.


CAMPO SEGADO é o poemario co que o coruñés **Manuel Álvarez Torneiro** acadou por segunda vez o premio de poesía "Miguel González Garcés" convocado pola Diputación Provincial da Coruña o pasado ano 2000 e agora editado por esta entidade. Coidada edición con ilustración de Xosé Cobas.

MAR DE AUSENCIAS é un poemario do fisterrán **Modesto Fraga**, co que gañou o Premio de Poesía "Francisco Añón" en 1998 e que foi publicado o pasado ano por Bauprés editores cun coidado deseño, contando con varias ilustracións de Manué (Barcelona, 1962). O poemario estruturase en tres partes: "Ausencias e mar", "Pranto de nostalxias e saudade" e "Máis alá do silencio". Modesto Fraga, nado en 1974, xa publicara anteriormente o poemario *Do amor salgado* e colaborou no nº 8 de A Xanela.

EPOPEIA DO HOMEM CÓSMICO (Edições Ceres, 2000) é un poemario do portugués **João Marcos**, xa con varias obras poéticas editadas e mesmo romances e traballos históricos. É a súa unha poesía metafísica e da trascendencia, interrogándose acerca do ser e do devir: "*Eu canto deste canto do Universo / o canto da galáxia onde estou. / Procuo ouvir dos sóis e do Céu terso / resposta ao meu problema de quem sou.*"

O *Ateneu Libertário Ricardo Mella*, da Coruña, envíanos dúas publicacións: Unha monografía sobre **A CULTURA EN CULLEREDO NA SEGUNDA REPÚBLICA: O "ATENEO DE LA VILLA DE RUTIS"**, da autoría de **Carlos Pereira**, que inicia a Colección Xerminal. A outra é o ensaio **EPICURO O LIBERTADOR** de **Carlos García Gual**, que recolle textos (en castelán) deste autor sobre a corrente filosófica dos epicúreos de hai 2400 anos, coa que os libertarios atopan afinidades e tamén diferencias.

Letras de Cal edita **A PONTE DAS PALABRAS. Poesía vasca 1990-2000 (HITZEZKO ZUBIA. Euskal poesia 1990-2000)**, antoloxía de vinte dos poetas que se deron a coñecer nesta década en edición bilingüe euskera-galega, "*como un xeito de comunicación e entendemento entre dúas literaturas*". A edición está patrocinada polo Goberno Vasco e a Universidade do País Vasco.





O escritor e profesor brasileiro **Luciano Maia** (Limoeiro do Norte, no Ceará, 1949), novo amigo da Xanela, enviáanos varios dos seus poemarios:

ACARAÚ. FUTURO DAS ÁGUAS (Sobral, 2000), é unha plaquette que recolle cinco poemas en homenaxe á humanización da marxe deste río: "*O Futuro das tuas Águas, Irmão Acaraú, / quero cantar e proclamar sob as Estrelas*"

NERUDA, CANTO MEMORIAL (2ª ed., Fortaleza, Ceará, 2000), homenaxe ao poeta chileno Pablo Neruda, o "Poeta Mundi", no que ao par de poemas na súa lingua nativa ensaia poemas en español, lingua do homenaxeado: "*Neruda foi o poeta da minha adolescência. O poeta que me trouxe a escritura do amor á terra americana.*" Escrita en 1983, aos dez anos da morte de Neruda, esta é unha 2ª edición especial para o I Encontro Amazónico de Poesía Latinoamericana. Son 20 poemas e unha canción final remedando quizá aquel título esencial de Neruda.

JAGUARIBE, MEMÓRIA DAS ÁGUAS, viu a súa 5ª edición en 1999 (a 1ª é de 1982), logo de ser traducido ao romeno, español e inglés. Poética das augas que segue un percurso en cinco partes: *Dedicatória* (aos cantadores, retirantes, bichos, nuvens, rios irmãos, os outros rios e ao mar); *Canto dos elementos* (terra, fogo, água, sol, vento) en sonetos; *Canto das nascentes* (poemas que tentan imitar o nacemento das augas, delgadas como fios ao comezo para iren engordando paseniño, tal o río); *Canto de vida e de morte* (a vida que o río alenta no seu decurso e a morte ao chegar ao océano), e *Canto da água e do tempo* (memória intemporal da auga). Diversidade de ritmos en versos medidos que denotan coñecemento da técnica versificatoria e danlle musicalidade á súa poética, que ten algo de épico, mítico e telúrico ao tempo. Falando do río, o poeta fala do home, non so o ribeireño senón o habitante do sertão, tan unido á ausencia ou exceso da auga (seca/cheia), ao sufrimento e á incerteza. Estamos pois diante dun río humanizado, con orixes e destino.

Tamén para o coordinador da Xanela enviou **NAU CAPITÂNIA** (2ª ed., São Paulo, 2000), extenso poemario onde abundan os sonetos e as formas clásicas e a plaquette **CINCO POEMAS GALEGOS** (1999), nos que latexa a inspiración lorquiana como mesmo confesa o autor, postos agora "*em sua feição galega propriamente dita*". Alba lucense, Foliada, O neno e a gaita, Cantiga partídonse e Lonxanía son os títulos destes cinco poemas.

No apartado de revistas consignamos:

PANÓPLIA, revista cultural editada en Fafe polo do veterano xornalista portugués Dr. Lopes de Oliveira, achegounos o nº 26 adicado a Porto e Rotterdam, capitais europeas da cultura.

ANTO, Revista semestral de Cultura editada en Amarante, dedica o número 7, datado na Primavera 2000, ao poeta António Nobre (1867-1900), a quen fai alusión o nome da revista. Un feixe de autores de Portugal, Brasil, Italia, Uruguai e mesmo Galiza homenaxeán ao autor "*do livro mais triste que há em Portugal.*"

AS 4 ALDEAS, boletín da S.C.R.D. Fillos de Ois, ía polo nº 14 no pasado marzo, tratando de monumentos megalíticos e unha lenda local que xa publicamos na pasada primavera.

PAMPILHOSA uma terra e um povo, do Grupo de Defesa do Património e Ambiente da Região da Pampilhosa, achéganos co nº 19 un extenso monográfico (200 páxinas) sobre a arte do ferro e os seus artífices no distrito de Coimbra con artigos de varios colaboradores.

TERRA CHA, órgano das Brigadas en Defensa do Património Chairego, recolle no nº 6, datado en febreiro, variados traballos separados por unha interesante reportaxe gráfica sobre diferentes tipos de valados.



C/ Rollo, 34 · Tel. 981 772010 · BETANZOS

DISCO-BAR

TROUZA


Rosalía de Castro, 6-8
BETANZOS



BANCA
CAFÉ

Rúa do Castro, 2
Betanzos dos Cabaleiros
Teléfono 981 77 36 69

EIRA VELLA



Asociación Cultural
BETANZOS

Coa lingua e a cultura

Contacta con nós:
Praza do Mestre José Dapena.
Edificio das Antigas Escolas do Asilo
Betanzos. 15300

O RICHO CAROLO



ADEGA

SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



aula de informática
CENTRO HOMOLOGADO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/ Rollo, 32-baixo
Tel./Fax 981 773007
15300 BETANZOS

CENTRO ASOCIADO
SERVICIO GALEGO
DE COLOCACIÓN

BREGA
VENDA E DISTRIBUCION EN ALIMENTACION



Telefónos:
908 98 86 88
(981) 78 84 20

Muiños, 7
15314 Mántaras- Irixoa
(A Coruña)

L'UAR
QUEIXOS

DONÍN



LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: donin@jet.es



OS CONDES
- CAFÉ CANTANTE -
BERGONDO
(A CORUÑA)
Tel. 981 791357

**FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE**

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS
COPIA DE CHAVES
CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS

R/ Valdonce, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798


**MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ**
clínica veterinaria
valdoncel




Almacenes **ROYAL, S.L.**

A SUA CASA EN PINTURAS
**EN PINTURAS BRUGUER,
PREZOS SEN COMPETENCIA**

Avda. Fraga Iribarne, s/n · Tel. 981 772714
Fax 981 772600 · 15300 BETANZOS



**Fincas
DoCastro**

Se merca ou vende. Consúltenos!

981 773636 Rúa do Castro, 17-1º



MUSEU DAS MARÍNAS
 (Exame - Centro de Estudos)


Aberto todos os dias
 das 10h às 17h30m (exceto)

PAPELERIA
 LIBRERIA
 REGALOS
 IMPORTACION

ESTANCO

Valdoncel, 91
 (Ponte Nova)
 Tel. 981 770201
 BETANZOS

R/ Venezuela, 34
 Teléfono 981 770952
 BETANZOS



ARUME
FOTOGRAFIA

FERRETERIA
José Luis
 BUTANO

Na mesma Porta da Vila
 Rua do Castro, 9 · Plateiros, 1
 Tels. 981 770410 - 981 772661 · BETANZOS